

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY11GC	Expediente CON/55/2014	



**ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga".

**TIPO DE LICITACIÓN:** 189.853,45 euros máis IVE.      **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 15 de decembro de 2014, ás 9:45 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López  
**Vocales:** D./Dª. María Angeles Anton, representante do grupo PP.  
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
 D./Dª. Ignacio Soto, Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible  
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.  
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	13/11/2014	53.047	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
2	01/12/2014	55.794	CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL
3	01/12/2014	55.862	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
4	01/12/2014	55.867	ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L.
5	01/12/2014	55.872	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL
6	01/12/2014	55.873	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL
7	01/12/2014	55.878	CYS HISPANIA
8	02/12/2014	* 55.890	CONSTRUCCIONES OREGA SL
9	02/12/2014	* 55.910	DFR CONSTRUCCION & REHABILITACION
10	03/12/2014	* 56.099	COPCISA SA
11	03/12/2014	* 56.223	CONSTRUCCIONES ALEA SL
12	03/12/2014	* 56.235	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
13	03/12/2014	* 56.237	PROYECON GALICIA SA

\*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que a empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL. tan só presenta o sobre relativo a oferta económica, polo que se acorda a súa exclusión da licitación.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.


A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 10:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
<i>Documento</i> CONY11GC	<i>Expediente</i> CON/55/2014



**ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga".

**TIPO DE LICITACIÓN:** 189.853,45 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 15 de xaneiro de 2015 ás 9:05 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidentes:** D./Dª Teresa Gutiérrez López  
**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.  
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D./Dª. Alberto Balea Figueiras, Xefe Servizo Planeamento  
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.  
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto aos presentes na reunión. Este informe acompaña-se á presente acta.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

**INFORME DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS CON ARRANXO AO PREGO DO PROCEDEMENTO ABERTO MULTICRITERIO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:**

**Título: OBRAS DE EDIFICACIÓN DE CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA**

**Expediente: CON-55-2014**

**A. OBXECTO**

O obxecto de este informe é analizar e valorar as propostas técnicas da documentación contida no sobre B das ofertas admitidas presentadas polas empresas licitadoras ao procedemento citado no encabezamento, aplicando o contido do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación.

A obra obxecto deste expediente ten por obxecto completar a construción dun edificio para o centro xove de creación cultural, conformado cun corpo que da cabida a unha sala de uso multiple, cos seus servizos e que compartira entrada co edificio do comedor do colexio da Almáciga. A zona onde se sitúa a obra está nun dos patios do colexio o que condiciona en boa medida o desenvolvemento da obra

**B. METODOLOXÍA**

Como criterio xeral e atendendo aos criterios do prego, a valoración técnica das ofertas ten por obxecto a comprobación de que se ten estudiado convenientemente o proxecto, e que consonte a iso, todos os parámetros obxecto de puntuación están debidamente xustificados en proporción á oferta presentada.

Valorárase que os documentos achegados se axusten aos datos e á información requiridos no prego de condicións e ás características técnicas deste proxecto concreto.

Puntuarase con 0 puntos aqueles apartados nos que a empresa non achegue ningún dato dos que se piden.

Para cada un dos apartados a valorar nesta fase, faise unha ponderación entre diferentes aspectos que pode ter a documentación, establecéndose unha valoración mais favorable cando a documentación é máis detallada, específica ou concreta respecto doutras máis xenéricas, e noutros casos valórase outorgando puntos por ter contemplado a maiores requisitos que, dende o punto de vista técnico, completan adecuadamente a oferta nese apartado.

Tamén considérase mellores ofertas e puntúanse con máis puntuación aquelas que determinan de forma concisa as súas condicións, de xeito que a administración poda controlar con maior precisión o seu cumprimento.

A continuación indicamos o criterios de puntuación. Aos efectos desta valoración utilizaranse a s seguintes categorías:

MB: moi ben

B: ben

R: regular

M: mal

NC: non figura este apartado

Estas categorías utilizaranse en todos os apartados salvo en aqueles en que se trate da presentación dun documento que unicamente se puntúe si se presenta cunha puntuación fixa.

**C. DATOS DAS OFERTAS**

**OFERTAS PRESENTADAS (Empresas)**

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL**

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA**

**ABERMAN EMP. CONS. SL**

**IGLESIAS MERA CONS. SL**

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL**

**CYS HISPANIA SL**

**CONS. OREGA SL**

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL**

**COPCISA**

**ALEA CONS. SL**

**OVIGA SL**

**PROYECON GALICIA SL**

**D. VALORACIÓN**

**Memoria resumen: valoración máxima ata 15. PUNTOS ATA 3,75**

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, exporá un resumo de toda a documentación técnica achegada na que se expliquen as características máis relevantes da oferta técnica

Valórase con maior puntuación a descrición do xeito de realizar os traballos previstos no proxecto de xeito pormenorizado, con análise dos posibles problemas de execución e as solucións previstas. Valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle, coa descrición dos procedementos por unidades de obra.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

	MB	B	R	M	NC
valoración	15,0000	8,2500	7,5000	2,5000	0,0000
puntuación	3,7500	2,0625	1,8750	0,9375	0,0000

**MB:**

Acadan a maior puntuación (MB) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume completa, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación
- Resume detallado da documentación técnica que constitúe a oferta.
- Descrición axeitada das características construtivas dos traballos.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de MB as seguintes ofertas:

**PROYECON GALICIA SL:** presenta una memoria resume moi completa, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación xerais do inmovible pero tamén co resume detallado da documentación técnica que constitúe a oferta. A descrición das características construtivas dos traballos é extensa.

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta descrición de algún dos aspectos contidos nos criterios. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación
- Resume da documentación técnica que constitúe a oferta.
- Descrición das características construtivas dos traballos.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA:**

**ABERMAN EMP. CONS. SL :**

**IGLESIAS MERA CONS. SL :**

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL :**

**OVIGA SL**

**COPCISA**

Todas elas presentan a memoria resume con descrición do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación xerais do inmovible, e tamén co resume da documentación técnica que constitúe a oferta. Con descrición das características construtivas dos traballos de xeito xenérico.

**R:**

Acadan a puntuación (R) aquelas ofertas que fan unha memoria con pouco detalle:

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**CONS. OREGA SL :** memoria resume suficiente, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación xerais.

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL:** memoria resume suficiente, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación xerais.

**M:**

Acadan a puntuación (M) aquelas ofertas que achegan a memoria resume moi reducida ou escasa:

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de M as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL:** a memoria presentada é moi reducida, con fotos, que non di nada que permita ter unha visión global do desenvolvemento do traballo

**CYS HISPANIA SL :** memoria moi resumida e xenérica de descrición da documentación que se achega na oferta.

**ALEA CONS. SL:** memoria moi resumida e xenérica de descrición da documentación que se achega na oferta.


**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria resumen**

	MB	B	R	M	NC	valoración	puntuación
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL				X		3,7500	0,9375



## CONCELLO DE SANTIAGO

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA		X				8,2500	2,0625
ABERMAN EMP. CONS. SL		X				8,2500	2,0625
IGLESIAS MERA CONS. SL		X				8,2500	2,0625
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL		X				8,2500	2,0625
CYS HISPANIA SL				X		3,7500	0,9375
CONS. OREGA SL			X			7,5000	1,8750
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL			X			7,5000	1,8750
COPCISA		X				8,2500	2,0625
ALEA CONS. SL				X		3,7500	0,9375
OVIGA SL		X				8,2500	2,0625
PROYECON GALICIA SL	X					15,0000	3,7500

### Memoria constructiva: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 7,50

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, describirá os procesos de execución das actividades máis importantes e reflectirá o enfoque realista da obra en coherencia cos medios programados.

Valorase nesta memoria constructiva de cada oferta a descrición dos procesos principais da obra e a metodoloxía para acometerlos; a explicación da forma de realizar os traballos, a organización física e a identificación de principais características do traballo. Tamén valórase o organigrama de persoal a maiores dos medios humanos ofertados para execución dos traballos.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

	MB	B	R	M	NC
valoración	30,0000	22,5000	15,0000	7,5000	0,0000
puntuación	7,5000	5,6250	3,7500	1,8750	0,0000

#### MB:

Acadan a maior puntuación (MB) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- A descrición dos procesos e metodoloxía da obra completos e axeitados a esta obra .
- A descrición de traballos a realizar, da organización física e das fases, de xeito coherente e completo e e axeitados a esta obra.
- Identificación completa e coherente das principais características dos traballos referida ao proxecto en cuestión.
- A adecuación do organigrama de estrutura de empresa adecuado ao contrato previsto é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de MB as seguintes ofertas:

**ALEA CONS. SL:** fai unha descrición dos procesos da obra explicados de forma completa e axeitada a esta obra e metodoloxía axeitada. Fai unha completa descrición de características a realizar organización física

e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. Presenta unha identificación completa e coherente das principais características dos traballos referida ao proxecto en cuestión. O organigrama é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**B:**

Acadan a maior puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta descrición de todos os aspectos contidos nos criterios aínda que de xeito menos completo ou xenérico. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- A descrición dos procesos e metodoloxía da obra.
- A descrición de traballos a realizar, da organización física e das fases.
- Identificación das principais características dos traballos referida ao proxecto en cuestión.
- A adecuación do organigrama.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**IGLESIAS MERA CONS. SL:** Fai a descrición completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. Fai unha descrición de características de traballos a realizar e da organización física e fases xenérica, sen estar concretadas ao proxecto actual. Presenta unha identificación completa das principais características dos traballos de forma xeral. O organigrama é axeitado ao traballo, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**COPCISA:** Fai unha descrición completa pero xenérica dos procesos da obra e da metodoloxía do traballo. Fai unha completa descrición de características a realizar organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto e o ámbito no estado actual. Presenta unha identificación das principais características dos traballos de forma xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**OVIGA SL:** descrición completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. A descrición de características a realizar, organización física e fases é coherente e completo e referidas ao proxecto e o ámbito no estado actual. Presenta unha identificación das principais características dos traballos de forma xenérica. O organigrama é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**PROYECON GALICIA SL:** a descrición de procesos de obra e metodoloxía do traballo é bastante completa pero xenérica. As características de traballos a realizar, organización física e fases trátase xenericamente sen estar concretadas completamente ao proxecto actual. Si presenta unha identificación completa das principais características dos traballos referida ao proxecto en cuestión. O organigrama de persoal a maiores dos medios humanos para execución de obra é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes e a súa dedicación.

**R:**

Valóranse na categoría R aquelas ofertas que presentan unha memoria construtiva menos completo ou xenérica. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos respecto deste apartado.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de M as seguintes ofertas:

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA:** Presenta unha descrición parcial dos procesos da obra e metodoloxía do proceso. A descrición de características a realizar organización física e fases é xenérica sen estar concretadas ao proxecto actual. Presenta unha identificación xeral das principais características dos traballos. O organigrama é axeitado ao traballos, pero sen identificación completa dos axentes intervintes.

**ABERMAN EMP. CONS. SL:** presenta unha descrición xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. As características dos traballos a realizar, organización física e as fases están relatadas

xenericamente sen estar concretadas ao proxecto actual. Recolle as principais características dos traballos de forma xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, sen identificación persoal dos axentes intervintes.

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL:** fai unha descrición xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. Tamén a descrición de características a realizar, organización física e fases é parcial e xenerica. Presenta unha identificación coherente das principais características dos traballos pero de forma xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, sen identificación persoal dos axentes intervintes.

**CYS HISPANIA SL:** Fai a descrición completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. Fai unha descrición de características a realizar organización física e fases de xenericamente sen estar concretadas completamente ao proxecto actual. presenta unha identificación completa e coherente das principais características dos traballos de forma xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, sen identificación persoal dos axentes intervintes.

**CONS. OREGA SL:** presenta unha descrición bastante completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. As características a realizar organización física e fases non están concretadas a esta obra senón que son bastante xenéricas. Respecto das principais características dos traballos presenta unha identificación completa pero non concretada a esta obra en xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL:**a documentación aportada é aparentemente idéntica á da oferta presentada por Construcciones OREGA. presenta unha descrición bastante completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. As características a realizar organización física e fases non están concretadas a esta obra senón que son bastante xenéricas. Respecto das principais características dos traballos presenta unha identificación completa pero non concretada a esta obra en xeral. O organigrama é axeitado ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervintes.

**M:**

Acadan a puntuación (M) aquelas ofertas que achegan a memoria construtiva moi reducida ou escasa:

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de M as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL:** a descrición dos procesos da obra e metodoloxía do traballo é xenérica se detallar. A descrición de características a realizar organización física e fases é reducida en comparación as outras ofertas. Si que presenta unha identificación bastante completa das principais características dos traballos en forma xeral. Sen embargo non presenta nada respecto do organigrama ou asignación de persoal a maiores para a obra.

**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria construtiva**

	MB	B	R	M	NC	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL				X		7,5000	1,8750
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA			X			15,0000	3,7500
ABERMAN EMP. CONS. SL			X			15,0000	3,7500
IGLESIAS MERA CONS. SL		X				22,5000	5,6250
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL			X			15,0000	3,7500
CYS HISPANIA SL			X			15,0000	3,7500



CONS. OREGA SL		X			15,0000	3,7500
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL		X			15,0000	3,7500
COPCISA	X				22,5000	5,6250
ALEA CONS. SL	X				30,0000	7,5000
OVIGA SL		X			22,5000	5,6250
PROYECON GALICIA SL		X			22,5000	5,6250

**Programa de construción das obras: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 7,50**

De acordo ao indicado no prego de cláusulas, incluírase na oferta un programa de construción das obras que asegure a súa execución nos prazos totais e parciais e anualidades do contrato.

O Licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar co rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado:

Coa composición dos equipos humanos e materiais ofertados distribuídos por fases de obra, capítulos do presuposto ou fitos da construción. A indicación dos rendementos medios previstos debidamente xustificadas que garantan a viabilidade de cumprir os prazos.

Os Diagrama de Gantt ou diagrama de barras con desenvolvemento das unidades de obra, con indicación das actividades que condicionan dita obra por tratarse de actividades críticas e con indicación dos investimentos mensuais previstos.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

	MB	B	R	M	NC
valoración	30,0000	22,5000	15,0000	7,5000	0,0000
puntuación	7,5000	5,6250	3,7500	1,8750	0,0000

**MB:**

Acadan a maior puntuación (MB) aquelas ofertas que fan o programa das obras co maior grado de detalle na análise dos criterios indicados a continuación:

- O contido e o grao de detalle do programa de obras.
- A coherencia entre os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados no programa achegado.
- A adecuación dos prazos achegados no programa e o análise das actividades críticas e a correcta distribución dos investimentos mensuais da obra recollidos nos correspondentes diagramas de Gantt e de barras de ser o caso.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de MB as seguintes ofertas:

**COPCISA:** Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra mediante fichas detalladas que permite xustificar a coherencia entre os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados. É moi completa a información dos diagramas de obras desenvolto a nivel de partidas de obras.

**ALEA CONS. SL:** Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra mediante fichas detalladas que permite xustificar a coherencia

entre os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados. Diagramas de obras (Gantt) desenvolto a nivel de partidas de obras con actividades críticas e correcto investimento mensual.

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan o programa das obras ben xustificado na análise dos criterios indicados a continuación:

- O contido e o grao de detalle do programa de obras.
- A coherencia entre os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados no programa achegado.
- A adecuación dos prazos achegados no programa e o análise das actividades críticas e a correcta distribución dos investimentos mensuais da obra recollidos nos correspondentes diagramas de Gantt e de barras de ser o caso.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA:** Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica samente cun listado global os rendementos utilizados sen especificar fichas específicas por unidades de obra como fan outros licitadores. Diagramas de obras e análise de actividades críticas con nivel de subcapítulos.

**ABERMAN EMP. CONS. SL:** o detalle da parte de análise do programa é reducido, a nivel de capítulos de obra. Non obstante, xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra mediante fichas detalladas e avaliación completa de rendementos. A parte de xustificación de prazos achegados e actividades no diagrama de GANTT é menos detallado (só por capítulos) e correcta a previsión de certificacións mensuais.

**CYS HISPANIA SL:** o detalle da parte de análise do programa é reducido e comparación as mellores ofertas, a nivel de capítulos de obra. Xustifica samente cun listado global os rendementos utilizados sen especificar fichas específicas por unidades de obra. Diagramas de obras (Gantt) ben detallados e desenvolto, a nivel de partidas de obras con axeitado análise de actividades críticas. Correcto investimento mensual.

**CONS. OREGA SL:** Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra. A parte de xustificación de prazos achegados e actividades no diagrama de GANTT é menos detallado (só por capítulos) e correcta a previsión de certificacións mensuais.

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL:** a documentación aportada é aparentemente idéntica á oferta de CONS. OREGA SL. Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra. A parte de xustificación de prazos achegados e actividades no diagrama de GANTT é menos detallado (só por capítulos) e correcta a previsión de certificacións mensuais.

**OVIGA SL:** o detalle da parte de análise do programa é reducido, a nivel de capítulos de obra. Xustifica de xeito claro os medios a disposición da obra. A parte de xustificación de prazos e actividades no diagrama de GANTT é por capítulos. Correcta a previsión de certificacións mensuais.

**PROYECON GALICIA SL:** Analiza todos os prazos e medios a empregar a nivel de subcapítulos de obra. Xustifica samente cun listado global os rendementos utilizados sen especificar fichas específicas por unidades de obra. Diagramas de obras e análise de actividades críticas con nivel de subcapítulos.

**R:**

Acadan a puntuación (R) aquelas ofertas que fan o programa das obras cunha xustificación menos completa respecto dos anteriores.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**IGLESIAS MERA CONS. SL**

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL**

O detalle da parte de análise do programa destas empresas é algo reducido, a nivel de capítulos de obra. Xustifica somente cun listado global os rendementos utilizados. A parte de xustificación de prazos achegados e actividades no diagrama de GANTT é menos detallado (só por capítulos).

**M:**

Acadan a puntuación (M) aquelas ofertas con documentación moi escasa que impide valorar a posibilidade de cumprir co programa proposto.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL:** presenta unicamente un diagrama de barras de investimentos mensuais previstos.

**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: programa de obras**

	MB	B	R	M	NC	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL				X		7,5000	1,8750
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA		X				22,5000	5,6250
ABERMAN EMP. CONS. SL		X				22,5000	5,6250
IGLESIAS MERA CONS. SL			X			15,0000	3,7500
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL			X			15,0000	3,7500
CYS HISPANIA SL		X				22,5000	5,6250
CONS. OREGA SL		X				22,5000	5,6250
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL		X				22,5000	5,6250
COPCISA	X					30,0000	7,5000
ALEA CONS. SL	X					30,0000	7,5000
OVIGA SL		X				22,5000	5,6250
PROYECON GALICIA SL		X				22,5000	5,6250

**Organización da obra, o tránsito e medidas de seguridade: valoración máxima ata 10. PUNTOS ATA 2,50**

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, describirá as medidas de seguridade prestando atención á interferencia co tránsito de persoas e vehículos.

Valórase con maior puntuación a descrición do xeito de realizar os traballos previstos no proxecto de xeito pormenorizado.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

	MB	B	R	M	NC
--	----	---	---	---	----

valoración	10,0000	7,5000	5,0000	2,5000	0,0000
puntuación	2,5000	1,8750	1,2500	0,62500	0,0000

**MB:**

Acadan a maior puntuación (MB) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Identificación das medidas de organización de tráfico peonil e rodado,
- Estudio dos accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado.
- Compatibilidade co funcionamento do colexio e o reforzo de medidas de seguridade para impedir o acceso dos alumnos ao recinto das obras.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de MB as seguintes ofertas:

**IGLESIAS MERA CONS. SL:** descrición moi completa. Identifica as medidas de organización de tráfico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado. Ten en conta o funcionamento do colexio e aínda o reforzo de medidas de seguridade para impedir o acceso dos alumnos ao recinto das obras.

**PROYECON GALICIA SL:** descrición moi completa. Identifica as medidas de organización de tráfico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado. Ten en conta o funcionamento do colexio e aínda o reforzo de medidas de seguridade para impedir o acceso dos alumnos ao recinto das obras.

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria unha correcta descrición de algún dos aspectos contidos nos pregos:

- Identificación das medidas de organización de tráfico peonil e rodado,
- Estudio dos accesos e desvíos.
- Compatibilidade co funcionamento do colexio.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**ALEA CONS. SL:** descrición completa. Identifica as medidas de organización de tráfico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto tendo en conta o funcionamento do colexio.

**OVIGA SL:** descrición completa. Identifica as medidas de organización de tráfico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto tendo en conta o funcionamento do colexio.

**R:**

Acadan a puntuación (R) aquelas ofertas que fan na memoria unha descrición dos aspectos contidos nos pregos de xeito xenérico sen ter en conta as condicións específicas desta obra.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA:** descrición da organización reducida pero con indicación expresa das medidas a adoptar pola presenza do colexio. Sinalizacións e desvíos xenéricos.

**CONS. OREGA SL:** descrición xenérica. Non indica especial atención a medidas a adoptar específicas pola presenza do colexio.

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL:** descrición xenérica. Non indica especial atención a medidas a adoptar específicas pola presenza do colexio.

**M:**

Acadan a puntuación (M) aquelas ofertas que fan na memoria unha descrición incompleta, resumida e xenérica.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de M as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL**

**ABERMAN EMP. CONS. SL**

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL**

**CYS HISPANIA SL**

**COPCISA**

Presentan todas una descrición moi xenérica. Non prestan especial atención a medidas a adoptar específicas pola presenza do colexio.

**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: organización de obras**

EMPRESA	MB	B	R	M	NC	valoración	puntuación
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL				x		2,5000	0,6250
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA			x			5,0000	1,2500
ABERMAN EMP. CONS. SL				x		2,5000	0,6250
IGLESIAS MERA CONS. SL	x					10,0000	2,5000
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL				x		2,5000	0,6250
CYS HISPANIA SL				x		2,5000	0,6250
CONS. OREGA SL			x?			5,0000	1,2500
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL			x?			5,0000	1,2500
COPCISA				x		2,5000	0,6250
ALEA CONS. SL		x				7,5000	1,8750
OVIGA SL		x				7,5000	1,8750
PROYECON GALICIA SL	x					10,0000	2,5000

**Medidas medioambientais: valoración máxima ata 15. PUNTOS ATA 3,75**

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, indicárase as medidas de aplicación concreta á obra

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

	MB	B	R	M	NC
valoración	15,0000	8,2500	7,5000	2,5000	0,0000
puntuación	3,7500	2,0625	1,8750	0,9375	0,0000

**MB:**

Acadan a maior puntuación (MB) aquelas ofertas que fan un programa específico para cada un dos procesos de execución da obra.

Non se considera que ningunha das ofertas cumpra os requisitos para ter a maior puntuación.

**B**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan un programa de vixilancia ambiental xenérica dos procesos de execución da obra:

**COPCISA:** A descrición é completa aínda que bastante xenérica. Fai indicación expresa de empresa de tratamento de residuos e da localización de tratamento de residuos en obra.

**R**

Acadan a puntuación (R) aquelas ofertas que fan un programa de vixilancia ambiental reducido e xeneral dalgún dos procesos de execución da obra aínda con indicación expresa de empresa de tratamento de residuos e localización de colectores en obra:

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA:**

**IGLESIAS MERA CONS. SL**

**CYS HISPANIA SL**

**ALEA CONS. SL**

**OVIGA SL**

**PROYECON GALICIA SL**

Todas elas fan una descrición reducida e xenérica de medidas medioambientais pero con indicación expresa de empresa de tratamento de residuos e da localización de colectores en obra.

**M**

Acadan a puntuación (M) aquelas ofertas que fan un programa de vixilancia cunha descrición moi resumida e xenérica sen ningunha referencia específica á obra.

Cumpren os anteriores requisitos e valóranse co grao de R as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL**

**ABERMAN EMP. CONS. SL**

**JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL**

**CONS. OREGA SL**

**CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL**

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: medidas medioambientais**

EMPRESA	MB	B	R	M	NC	valoración	puntuación
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL				x		3,7500	0,9375
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA			x			7,5000	1,8750
ABERMAN EMP. CONS. SL				x		3,7500	0,9375
IGLESIAS MERA CONS. SL			x			7,5000	1,8750
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL				x		3,7500	0,9375
CYS HISPANIA SL			x			7,5000	1,8750
CONS. OREGA SL				x		3,7500	0,9375
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL				x		3,7500	0,9375



## CONCELLO DE SANTIAGO

COPCISA  
ALEA CONS. SL  
OVIGA SL  
PROYECON GALICIA SL

	x				8,2500	2,0625
		x			7,5000	1,8750
		x			7,5000	1,8750
		x			7,5000	1,8750

### Puntuación total

Logo de valoradas a totalidade dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes indicados no prego, a puntuación total indícase no seguinte cadro resume:

EMPRESA	MEMORIA RESUMEN	MEMORIA CONSTR.	PROGRAMA DA OBRA	ORGANIZ., TRANSITO E SEGURIDADE	MEDIDAS MEDIO AMBIENTAIS	SUMA	ORDE
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	0,9375	1,8750	1,8750	0,6250	0,9375	6,2500	12
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	2,0625	3,7500	5,6250	1,2500	1,8750	14,5625	6
ABERMAN EMP. CONS. SL	2,0625	3,7500	5,6250	0,6250	0,9375	13,0000	9
IGLESIAS MERA CONS. SL	2,0625	5,6250	3,7500	2,5000	1,8750	15,8125	5
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	2,0625	3,7500	3,7500	0,6250	0,9375	11,1250	11
CYS HISPANIA SL	0,9375	3,7500	5,6250	0,6250	1,8750	12,8125	10
CONS. OREGA SL	1,8750	3,7500	5,6250	1,2500	0,9375	13,4375	7
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	1,8750	3,7500	5,6250	1,2500	0,9375	13,4375	7
COPCISA	2,0625	5,6250	7,5000	0,6250	2,0625	17,8750	3
ALEA CONS. SL	0,9375	7,5000	7,5000	1,8750	1,8750	19,6875	1
OVIGA SL	2,0625	5,6250	5,6250	1,8750	1,8750	17,0625	4
PROYECON GALICIA SL	3,7500	5,6250	5,6250	2,5000	1,8750	19,3750	2

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2015

O xefe do servizo de planeamento e xestión urbanística

  
Alberto balea Filgueiras

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
Documento CONY11GC	Expediente CON/55/2014	



**ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almáciga".

**TIPO DE LICITACIÓN:** 189.853,45 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 22 de xaneiro de 2015, ás 9:00 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López  
**Vocales:** D./Dª. María Antón, representante do grupo PP.  
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
 D./Dª. Ignacio Soto, Dtor. técnico do DUS  
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.  
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D David Garabal representante da empresa COPCISA, e Dª Rebeca Platero representante da Federación Gallega de la Construcción

Procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	PRAZO GARANTIA (anos)	CONTROL CALIDADE (% total)
1	CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	169.982,16	4	3,00%
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	159.951,53	5	2,00%
3	ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L.	156.667,07	5	2,00%
4	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	164.318,16	5	2,00%
5	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	157.500,00	5	2,00%
6	CYS HISPANIA	151.536,53	5	2,00%
7	CONSTRUCCIONES OREGA SL	155.243,17	5	3,00%
8	DFR CONSTRUCCION & REHABILITACION	159.495,89	5	3,00%
9	COPCISA SA	164.925,69	5	2,00%
10	CONSTRUCCIONES ALEA SL	183.778,13	5	2,00%
11	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	174.644,63	5	2,00%
12	PROYECON GALICIA SA	173.700,00	5	2,00%

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY11GC	Expediente CON/55/2014	



**ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga".

**TIPO DE LICITACIÓN:** 189.853,45 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 5 de febreiro de 2015, ás 10:00 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López  
**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.  
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D./Dª. Ignacio Soto, Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible  
D. Vicente Calvo del Castillo, interventor xeral Municipal.  
D. José Ramón Alonso Fernández, Vicesecretario.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador COPCISA S.A..

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Excluir da licitación á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL. xa que tan só presenta o sobre relativo a oferta económica

**SEGUNDO:** Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador COPCISA S.A, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 164.925,69 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

As 10:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





## INFORME DO DIRECTOR TECNICO DA AREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE

### **ASUNTO:**

Valoración do sobre 3 Criterios evaluables en forma de cifras ou porcentaxes do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto das obras de edificación do centro xove de creación cultural da Almaciga.

### **INFORME:**

Redáctase o presente informe de valoración tendo en conta o pliego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto das obras de edificación do centro xove de creación cultural da Almaciga, máis concretamente no seu punto 10.2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EVALUABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES.

Os apartados a valorar serán:

#### C.1 PREZO OFERTADO (de 0 a 60 puntos)

Outorgarase a máxima puntuación a oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no parágrafo seguinte.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "precio máis baixo da oferta". Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, otorgarase a máxima puntuación de 45 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a sua puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Con estas premisas o técnico que suscribe ha realizado a seguinte valoración que se resume na seguinte táboa.

	OFERTA ECONOMICA		PUNTOS ECONOMICA
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	169982,16	169982,16	53,49
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	159951,53	159951,53	56,84
ABERMAN EMP. CONS. SL	156667,07	156667,07	58,04
IGLESIAS MERA CONS. SL	164318,16	164318,16	55,33
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	157500,00	157500,00	57,73
CYS HISPANIA SL	151536,53	151536,53	60,00
CONS. OREGA SL	155243,17	155243,17	58,57
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	159495,89	159495,89	57,01
COPCISA	164925,69	164925,69	55,13
ALEA CONS. SL	183778,13		49,47
OVIGA SL	174644,63	174644,63	52,06
PROYECON GALICIA SL	173700,00	173700,00	52,34
<b>MEDIA</b>	<b>164311,91</b>	<b>162542,26</b>	
<b>0,90 MEDIA</b>	<b>147880,72</b>	<b>146288,03</b>	
<b>1,10 MEDIA</b>	<b>180743,10</b>		

#### **C2. PRAZO DE GARANTÍA E SERVIZO DE MANTEMENTO**

A máxima puntuación para este criterio será de 10,00 puntos.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

VALORACIÓN SOBRE 3 DE OBRAS DE EDIFICACIÓN DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA

Prazo de garantía e servizo de mantemento postconstrucción proposto, que non podrá ser inferior ao mínimo establecido polo presente prego de condicións e que se valorará a razón de dous puntos por cada ano ofrecido por encima do mínimo fixado neste prego.

	OFERTA GARANTIA	PUNTOS GARANTIA
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	4 años	8,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	5 años	10,00
ABERMAN EMP. CONS. SL	5 años	10,00
IGLESIAS MERA CONS. SL	5 años	10,00
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	5 años	10,00
CYS HISPANIA SL	5 años	10,00
CONS. OREGA SL	5 años	10,00
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	5 años	10,00
COPCISA	5 años	10,00
ALEA CONS. SL	5 años	10,00
OVIGA SL	5 años	10,00
PROYECON GALICIA SL	5 años	10,00

**C3-AUMENTO DO PRESUPOSTO DE CONTROL DE CALIDADE**

A máxima puntuación para este criterio será de 5,00 puntos.

Non poderá ser inferior ao mínimo establecido polo presente prego de condicións e se valorará a razón de 2,5 puntos por cada punto porcentual sobre el PEM ofrecido por encima do mínimo fixado neste prego.

	OFERTA CALIDAD	PUNTOS CALIDAD
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	3,00%	5,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	2,00%	5,00
ABERMAN EMP. CONS. SL	2,00%	5,00
IGLESIAS MERA CONS. SL	2,00%	5,00
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	2,00%	5,00
CYS HISPANIA SL	2,00%	5,00
CONS. OREGA SL	3,00%	5,00
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	3,00%	5,00
COPCISA	2,00%	5,00
ALEA CONS. SL	2,00%	5,00
OVIGA SL	2,00%	5,00
PROYECON GALICIA SL	2,00%	5,00

**VALORACION TOTAL SOBRE C**

	PUNTOS ECONOMICA	PUNTOS GARANTIA	PUNTOS CALIDAD	TOTAL
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	53,49	8,00	5,00	66,49
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	56,84	10,00	5,00	71,84
ABERMAN EMP. CONS. SL	58,04	10,00	5,00	73,04
IGLESIAS MERA CONS. SL	55,33	10,00	5,00	70,33
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	57,73	10,00	5,00	72,73
CYS HISPANIA SL	60,00	10,00	5,00	75,00
CONS. OREGA SL	58,57	10,00	5,00	73,57
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	57,01	10,00	5,00	72,01
COPCISA	55,13	10,00	5,00	70,13
ALEA CONS. SL	49,47	10,00	5,00	64,47
OVIGA SL	52,06	10,00	5,00	67,06
PROYECON GALICIA SL	52,34	10,00	5,00	67,34



CONCELLO DE  
SANTIAGO

VALORACIÓN SOBRE 3 DE OBRAS DE EDIFICACIÓN DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA

O cadro resumo da valoración total suma das valoracións dos sobres "B" e "C" é:

	SOBRE C	SOBRE B	TOTAL
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	66,49	6,25	72,74
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	71,84	14,56	86,40
ABERMAN EMP. CONS. SL	73,04	13,00	86,04
IGLESIAS MERA CONS. SL	70,33	15,81	86,14
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	72,73	11,12	83,85
CYS HISPANIA SL	75,00	12,81	87,81
CONS. OREGA SL	73,57	13,44	87,01
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	72,01	13,44	85,45
COPCISA	70,13	17,87	88,00
ALEA CONS. SL	64,47	19,69	84,16
OVIGA SL	67,06	17,06	84,12
PROYECON GALICIA SL	67,34	19,37	86,71

### CONCLUSIÓN

Segan os criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rixe a contratación das obras de edificación do centro xove de creación cultural da Almaciga o técnico que suscribe entende que a oferta que ha obtenido a maior puntuación e COCIPSA sendo a taboa cos resultados finais colocadas as empresas en sentido descendente as puntuacións obtidas.

	TOTAL
COPCISA	88,00
CYS HISPANIA SL	87,81
CONS. OREGA SL	87,01
PROYECON GALICIA SL	86,71
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA	86,40
IGLESIAS MERA CONS. SL	86,14
ABERMAN EMP. CONS. SL	86,04
CONS. DELFIN FERREIRO RODRÍGUEZ SL	85,45
ALEA CONS. SL	84,16
OVIGA SL	84,12
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	83,85
CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL	72,74

En Santiago, a 25 de xaneiro de 2015

O DIRECTOR DE ÁREA TÉCNICA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE



Asdo. Ignacio Soto González

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11GC	<i>Expediente</i> CON/55/2014	



**ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga".

**TIPO DE LICITACIÓN:** 189.853,45 euros máis IVE.      **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 2 de marzo de 2015, 9:25Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López  
**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.  
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D./Dª. Ignacio Soto, Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible  
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.  
Dª Luisa Prego de Oliver, xefa de servizo de asistencia xurídica.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **COPCISA S.A.**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

As 9:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA